

a mú s i c a A FESTA DOS MOZOS

unha serie de actividades orientadas a crear un constante ambiente de festa e alegría: pasarrúas con gaiteiros, carreiras de sacos, partidos de fútbol, carreiras de cintas, cucañas...

Gaiteiros e bandas

Se se quere animar unha festa a música é, lóxicamente, o elemento máis importante. A Beluso sempre viñan as máis famosas orquestras dos contornos: a banda municipal de Porriño, a de Coruxo, e as non menos coñecidade de Ribadavia ou Soutelo de Montes. Dentro do mesmo concello de Bueu existían agrupacións moi boas, aínda que sen duda a máis coñecida era a de *Paratcha*. Esta banda de música comenzou a *funcionar* cara finais do s. XIX con Miguel Paratcha Rodríguez, continuando a tradición o seu fillo Miguel Paratcha Otero, quen en 1922

fundou e dirixiu a banda municipal de Bueu. A Banda de Paratcha Otero estaba formada fundamentalmente por rapaces, entre os que tamén había xente de Beluso: ao trombón Manuel González *Porteliña*, e que anos máis tarde formou parte da orquestra dos *Irmáns Portela*; tamén tocaba con Paratcha Joaquín Barros, quen cara 1911 formou un conxunto de gaitas cos seus irmáns Gaspar, Manolo e Constante (os *Gaiteiros Barros*). Esta tradición gaiteira foi recollida polos fillos de sr. Joaquín Barros: Alberto, Garpar e Eugenio.

As gaitas eran as lle daban vida a festa durante todo o día, tocando o instrumento por toda parroquia e moitas veces co único pago dunha cunca de viño. Houbo gaiteiros moi famosos en Bueu: Benito Martínez (1855), Daniel Pastoriza e o veciño de Beluso *Tornillo* (anos 20), os xa citados Barros...

